

A pedra Sela

Enriba da pedra Sela medrou unha carriza marabillosa.

As outras pedras do valado esméranse todo o que poden para coidar a súa. Peitéana co vento, lávana co resío, mesmo van á peiteadora e piden xampús caros a Barcelona. Pero ningunha delas consegue unha carriza tan sedosa e brillante coma a de Sela.

Cando lle dá o sol, a carriza de Sela érchese de centos de verdes claros e parece un vestido de bailarina.

Cando lle dá a sombra, toma uns verdes sobrios e elegantes e parece un traxe de noite.

Se chove, as pingas forman perlas transparentes e orlas que relocen, coma as dun luxoso disfrace do entroido de Río.

Mesmo, se vén a seca, a carriza de Sela, cos seus tons azuis e grises, di tan bonita coma o mandilón dun neno fervello.

O día que cantou o cuco empezou a época en que as nenas e os nenos van aos niños. Hainos que só os van ver e que os vixían ata que nacen os pitiños, e despois espreitan como medran e como empezan a aprender a voar. Pero tamén os hai que levan os ovos, ou que os escachan, ou que, de haber pitiños, marchan con eles e os deixan tirados en calquera lado.

Filipe é dos que lles gusta ver que os paxaros aprenden a voar e que, cando emigran, lles di adeus coa man e berra:

-Boa viaxe! Deica o ano que vén!

Un venres de final de curso, Filipe foi aos niños. Subiu a un ameneiro en que aniñara un verdadeiro e, desde o alto, descubriu a sela e a súa carriza. Baixou para vela máis de cerca.



Sela estaba co seu vestido de bailarina, o dos cen verdes claros, e Filipe quedou engaiolado con ela.

Era a carriza máis bonita que nunca vira e reservaría para o Nadal.

No Nadal volvería e poñería no seu belén.

En vésperas de Nadal, Filipe subiu ao faiado para preparar as figuras do belén. O faiado está cheo de cousas que a memoria vai abeirando. A Filipe gústalle escaravellar nas memorias alleas, porque a súa aínda é pequenota.

Mentres remexía, atopou unha foto vella. Desde a foto saudouno unha muller rapada, con ollos de lume e carbón. Era nova e de primeiras non a coñeceu. Cando se deu de conta, baixou as escaleiras moi alporizado.

-Sí, é a avoa -confirmáronlle na casa, e contáronlle.

A avoa fora mestra nunha aldea entre a neve. No seu cartafol, leváballes horizontes aos rapaces; nas súas palabras, soles que facían madurar as cereixas do tempo; nas súas mans, coma cuncas, auga limpa para se bañaren as estrelas do destino. Pero un día, chegaron homes feroces que lle arrancaron a escola do corazón e a cabeleira do vento. Cortaban as melenas das mulleres para que nada libre medrase na terra e, a elas, encerrábanas en celas de medo. Filipe gardou a foto no peito e correu onda Sela. A carriza abaneábase na airexa do nordés. Filipe pousou unha bágoa que se mesturou co orballo da mañá e quitou a súa navalliña. Sela estremeceu, as outras sorriron.

-Tranquila -dixo Filipe—, só che corto un petisco.

Colleu un chisquiño, o xusto para cubrir a cabeza rapada da foto, e pousou as súas meixelas no lombo antigo de Sela. Sela sentiuno e compartiu con el a súa enorme memoria.

MARIO PEREIRA, *Contos para Manuela*. (Adaptación)

COMPREENSIÓN GLOBAL

1. Di en que orde sucederon os feitos.



■ Escribe un breve resumo da historia

OBTER INFORMACIÓN

2. Escribe o significado que teñen no texto estas palabras. Podes usar o dicionario.

carriza orlas fervello esmerar sobrio alporizado
verderolo abeirar petisco escachar ameneiro abanear
airexa

3. Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- ☐ Todas as pedras do valado tiñan a mesma carriza ca a pedra Sela.
- ☐ Filipe albiscou a pedra Sela desde un ameneiro no Nadal.
- ☐ Filipe quería a carriza de Sela para o seu belén.
- ☐ Filipe atopou a foto remexendo no soto.
- ☐ Filipe colleu un petisco de Sela para o belén.

■ Corrixe as afirmacións falsas.

INTERPRETAR O TEXTO

4. Le estes fragmentos do texto.

*Sela sentiuno e
compartiu con el a súa
enorme memoria*

*A Filipe gústalle escravellar
nas memorias alleas porque
a súa aínda é pequenota.*

■ Responde.

Que significa «escravellar nas memorias alleas»?

Cres que unha pedra pode sentir? E ter memoria?

Que figura retórica emprega o autor do texto?

5. Explica.

Que lle ocorreu á avoa de Filipe?

Quen eran os homes feroces?

Por que rapaban ás mulleres?

Por que Filipe colleu só un anaco da carriza de Sela?

REFLEXIONAR SOBRE A FORMA

6. Escribe no caderno onde comeza e onde remata cada unha destas partes do texto.

Descrición de Sela e presentación de Filipe

1 .ª visita de Filipe a Sela

2.ª visita de Filipe a Sela

■ **Explica.**

- ➔ En que estacións do ano visita Filipe a pedra Sela?
- ➔ Que ocorre entre a primeira e a segunda visita?
- ➔ Que lle pasou a Filipe para cambiar de idea con respecto á carriza de Sela?

7. Localiza os adxectivos que se usan no texto para definir a pedra Sela.

8. Outros recursos propios da descrición son as comparacións, metáforas e enumeracións. Localiza exemplos no texto de cada un dos recursos anteriores.

REFLEXIONAR SOBRE O CONTIDO

9. Contesta de forma razoada.

- ➔ Gustouche o texto?
- ➔ Sorprendeute o final?
- ➔ Escribe outro final para o texto.

10. O 2006 foi o ano da memoria histórica. Investiga e responde.

- ➔ A quen se homenaxeaba? Por que?
- ➔ Pareceche un acto de xustiza? Por que?
- ➔ Como se evitan os erros históricos, coñecéndoos ou ignorándoos? Por que?